

# INFORME SOBRE O PLENO DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CELEBRADO O MÉRCORES 10 DE DECEMBRO DE 2014.

## Índice das propostas de resolución presentadas 10 de decembro de 2014

### **1. Propostas polo STEG:**

- 1.1. Utilización web da CEOU
- 1.2. Non cobertura catálogos
- 1.3. Unidades concertadas en centros que segregan por sexo
- 1.4. Desmantelamento orientación
- 1.5. Obras en centros
- 1.6. Realización probas CELGA
- 1.7. Coordinacións de ciclos en primaria
- 1.8. Avaliación decreto plurilingüismo
- 1.9. Decreto especialidades

### **2. Propostas por CIG-Ensino:**

- 2.1. Escolarización alumnado venda ambulante Tui
- 2.2. Inicio de curso
- 2.3. Utilización web CEOU
- 2.4. Iniciativa legislativa popular
- 2.5. Decreto especialidades
- 2.6. Zonificación Coia-As Travesas (Vigo)
- 2.7. Programacións

### **3. Propostas por F.Ensino-CCOO**

- 3.1. Decreto especialidades
- 3.2. Adiamento implantación ESO e Bacharelato LOMCE
- 3.3. Paralización FPB
- 3.4. Horarios CIFPs
- 3.5. Ensinanzas artísticas superiores
- 3.6. Atención á diversidade
- 3.7. Cobramento verán profesorado substituto
- 3.8. Recuperación das pagas extraordinarias
- 3.9. Saúde laboral

## PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN PRESENTADAS POR STEG

Proposta de resolución nº 1 STEG.

### **REXEITAMENTO DO USO PARTIDISTA E PROPAGANDÍSTICO DO WEB INSTITUCIONAL “WWW.EDU.XUNTA.ES” POR PARTE DOS RESPONSÁBEIS DA CONSELLARÍA**

Unha e outra vez vimos constatando nos últimos tempos como desde certas instancias da Consellaría de Cultura, Educación e O.U se vén utilizando a páxina web institucional, con evidente extralimitación de funcións, para arremeter verbalmente e facer aseveracións e acusacións que rozan a condición de difamantes contra toda organización sindical, todo centro educativo, todo equipo directivo, toda ANPA ou, en xeral, calquera sector da comunidade educativa que manifeste o seu descontento con determinadas medidas adoptadas pola administración ou faga públicas através de diversos medios as súas demandas para satisfacer reivindicacións relativas á calidade do ensino e á dotación de medios humanos e materiais aos centros.

Semellante actitude por parte desas instancias da Consellaría non só constitúe un claro caso de uso partidista e propagandístico dunha plataforma que ten de seu carácter de servizo público e institucional, senón que ademais resulta atentatoria contra os dereitos dos cidadáns a unha información obxectiva, veraz e contrastada, que mal pode existir cando non se lle ofrece sequera á “outra parte” nunha situación de conflito ou desavinza o mesmo espazo público e institucional para expoñer e defender os seus lexítimos puntos de vista, creándose así unha situación de dupla inxustiza: polas desiguais condicións de acceso e difusión da información e pola negación ao conxunto da cidadanía do dereito a un contraste plural e democrático de opinións.

Por todo o exposto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

1. Aмосa o seu rexeitamento máis absoluto cara ao uso partidista e gobernementalmente propagandístico que do web institucional veñen realizando certas instancias da Consellaría de Cultura, Educación e O.U.
2. Esixe desa Consellaría respecto exquisito ao papel de representación de todas e cada unha das organizacións e entidades de cada un dos sectores da comunidade educativa, legalmente constituídas e, en canto tales, suxeitos de dereitos e axentes lexitimados para funcións de control e de crítica que ningún xestor institucional verdadeiramente democrático debe menosprezar, entorpecer nin conculcar.

Proposta de resolución nº 2 STEG.

### **CRITICANDO A ACTITUDE DA CONSELLERÍA DE NON CUBRIR NA SÚA TOTALIDADE OS CATÁLOGOS E CUPOS DE PRAZAS DOS CENTROS NO COMEZO DESTE CURSO 2014-15**

Como xa vén acontecendo, infelizmente, desde hai algúns anos, no comezo do presente curso 2014/15 foron moitos os centros de ensino público que viron reducidos de xeito notorio os seus planteis de traballadoras e traballadores.

Esa medida, totalmente acorde coa orientación neoliberalizadora, privatizadora e “austericida”

da actual Administración e que causa innumerábeis deterioros, tanto na calidade educativa como nas propias condicións de traballo no ensino, resulta especialmente dolosa e máis inxustificada aínda, se cabe, cando afecta a prazas que están contempladas nos propios catálogos e cupos oficiais pactados no seu día pola Consellaría de Educación, que foron axustados recentemente no DOGA (Orde do 7 de xullo de 2014, DOG de 29 de xullo de 2014 e corrección de erros no DOG de 10 de setembro de 2014).

En tal situación víronse neste comezo de curso, sen saírmos da circunscrición pontevedresa, centros como o CPI Suárez Marquier, de O Rosal; o CEIP Feliciano Barrera de Guláns (Ponteareas); o CEIP de Barrantes (Tomiño), o CEIP de Abelendo (Moaña), etc., por non falarmos de casos que obtiveron especial repercusión social e mediática como o do recorte dunha praza do cupo de Lingua Castelá no IES Vilar Ponte de Viveiro (Lugo), coa subseguinte demisión de todo o equipo directivo dese centro en sinal de máis que xustifico protesto.

Por todo isto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

ESIXE á Consellaría que respecte escrupulosamente os catálogos e cupos de prazas docentes negociados e que abandone as orientacións austericidas que están na base deses recortes de prazas, que non fan outra cousa que conculcar os dereitos do alumnado a unha educación de calidade e deteriorar aínda máis as cada vez máis precarias condicións laborais e profesionais do profesorado.

Proposta de resolución nº 3 STEG.

**REXEITANDO QUE A CONSELLARÍA CONCERTE DE NOVO UNIDADES NOS CENTROS PRIVADOS QUE SEGREGAN ALUMNADO POR SEXO**

A Consellaría de Cultura, Educación e O.U., no DOG do 18 de agosto de 2014, publicou a Orde de 14 de agosto de 2014 pola que se modificaron os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial, formación profesional básica e ciclos formativos de graos medio e superior.

Nos respectivos concertos cos centros Acacias e Montecastelo, en Vigo, e Montespino e Peñarredonda, na Coruña, de conformidade coa disposición transitoria segunda da LOMCE, esa orde contemplou o incremento dunha unidade de Educación Primaria.

A Consellaría, pois, ao abeiro da xustamente deostada LOMCE, continúa na súa teima, claramente ditada por cuestións ideolóxicas e non pedagóxicas, de desviar partidas económicas públicas para centros de elite, ultraconservadores e próximos ao fundamentalismo católico, que de existiren deberían facelo á marxe do sistema de ensino gratuíto sostido con fondos públicos. E faino mentres no ensino público a mesma Consellaría reduce unha e outra vez profesorado, pecha escolas no rural, fai pagar ao alumnado transportado o servizo de comedor, reduce as bolsas de estudo, etc., etc.

Por todo isto, a **Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

REXEITA que a Consellaría concerta de novo unidades e invista cartos públicos, tan escasos e tan

necesarios para a propia rede educativa pública, en centros privados que segregan alumnado por razón de sexo.

Proposta de resolución nº 4 STEG.

### **CONTRA O PAULATINO DESMANTELAMENTO DA REDE DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA E DEMANDANDO O SEU REFORZO E MELLORA PARA UNHA VERDADEIRA EDUCACIÓN DE CALIDADE**

Nestes tres últimos cursos estamos asistindo a un desmantelamento paulatino da Rede de Orientación Educativa de Galicia (ROEGAL) publicada no curso 2009-2010, onde se recollía que “os Departamentos de Orientación dos centros de Educación Secundaria deixan de ter centros adscritos”, xa que se están adscribindo CEIPs aos Departamentos de Orientación dos IES unha vez comezado o curso e elaborados os horarios, coas dificultades que iso conleva á hora de confeccionar unha programación axeitada e unha boa planificación do curso.

Estes cambios, denunciados xa no inicio do curso pasado, provocan que dependa da boa vontade dos Equipos Directivos facilitar a coordinación cos equipos de ciclo, a asistencia a Claustros, Consellos Escolares, CCPs, Comisión de Convivencia, sesións de avaliación,... que coincidan nas mesmas datas; facendo que o labor da orientación quede reducido en moitos casos á avaliación psicopedagóxica do alumnado e se deixen relegadas a un segundo plano, ou desaparezan, tarefas tan importantes como o deseño de accións encamiñadas á prevención das dificultades, o impulso á participación do profesorado en programas de innovación educativa, a promoción da cooperación centro-familias, o favorecemento do proceso de orientación vocacional e as transicións nas diferentes etapas e itinerarios educativos, etc.

O papel que se asigna á Orientación é imprescindible para que funcionen determinados programas como a Diversificación Curricular ou o PROA, e resulta paradoxal que, por un lado se lle encomenden cada vez maior número de funcións, e por outro se supriman en moitos centros prazas de PT e AL, se incrementen as itinerancias e os destinos compartidos (mesmo en 3 centros distintos!) e non se recoñeza explicitamente o seu labor. Neste senso, cómpre denunciar a situación de provisionalidade dos orientadores en CEIPs: esas prazas estanse a cubrir curso a curso con provisionais e non con persoal definitivo, o que daría estabilidade e continuidade ao traballo de orientación. Significativo, na mesma liña, é que a Consellería manteña sen cubrir prazas en cada unha das catro provincias nos Equipos de Orientación Específicos que brindan apoio especializado aos Departamentos de Orientación.

Por todo o exposto, o **Pleno da Xunta de Persoal de Pontevedra**

INSTA á Consellería de Cultura, Educación e O.U. a cesar na súa política de recorte continuado da Rede de Orientación, a deixar de adscribir CEIPs aos Departamentos de Orientación dos IES, a dotar suficientemente de especialistas de PT e de AL todos os centros que xustificadamente os demandan, a deixar de botar man de xeito abusivo, como vén facendo, do recurso ás itinerancias e aos centros compartidos á hora de definir prazas de Orientación, PT e AL e, finalmente, a cubrir sen máis demora as vacantes existentes nos Equipos de Orientación Específica das catro delegacións territoriais.

Proposta de resolución nº 5 STEG.

### **URXINDO Á CONSELLERÍA A ACOMETER DE INMEDIATO AS OBRAS DE MELLORA EN VARIOS CENTROS EDUCATIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE ESTÁN PENDENTES**

Unha vez máis, o comezo dun novo curso puxo en evidencia a falta de coordinación, as promesas orzamentarias incumpridas e a deficiente atención emprestada pola Consellaría de Cultura, Educación e O.U. a un aspecto tan elemental como é o mantemento, mellora e reparación dos edificios escolares.

Desaproveitando en moitos casos de maneira incomprensíbel o período vacacional para a realización dese tipo de obras, a Consellaría deixou de facer en tempo e forma, como se comprometera ou anunciara publicamente, obras de mellora e mantemento, como tal administración ou en necesaria colaboración cos correspondentes concellos, en centros como o CEP Antonio Magariños e o IES Ramón Cabanillas, ambos de Cambados; a Escola Infantil da Guía en Vigo; o colexio Vicente Risco, de Vigo; os Colexios de Rubiáns, Carril e A Lomba, os tres en Vilagarcía de Arousa; o Colexio Progreso, de Catoira; o CEIP de Viñas (Poio); etc.

Por isto, o **Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

a. URXE á Consellería a que, por si propia ou en colaboración cos concellos correspondentes, segundo corresponda a cada caso, planifique convenientemente e execute sen máis dilacións esa serie de obras de mantemento, mellora e reparación de edificios escolares comprometidas publicamente no seu día.

b. ÍNSTAA, así mesmo, a non deixar pasar un novo período vacacional (mes de decembro) para a realización daquelas operacións que dentro do proxecto de obra poidan resultar pola súa índole menos compatíbeis co normal desenvolvemento das actividades lectivas en cada un dos centros afectados.

Proposta de resolución nº 6 STEG.

### **SOBRE PROXECTO DA CONSELLARÍA PARA CONVERTER DETERMINADOS CENTROS DE SECUNDARIA E AS EPAPU EN ESCOLAS PREPARATORIAS DAS PROBAS DE NIVEL CELGA**

Durante o pasado curso, as Inspeccións de Traballo de Coruña e Ourense sancionaron a Consellaría de Cultura, Educación e O.U. da Xunta de Galicia por non recoñecer a relación contractual que existía entre a Administración e as persoas que viñan impartindo a docencia dos cursos de galego CELGA e por non telas dadas de alta na Seguridade Social, como correspondía en dereito.

Como resposta a esa lóxica e xusta resolución das Inspeccións de Traballo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría tomou entón a decisión de prescindir da totalidade de persoas que viñeran prestando os seus servizos como docentes dos cursos CELGA e pasar a ofertar a impartición deses cursos ao profesorado de Lingua Galega que exercía nos centros educativos de Secundaria, coa consideración de "horas extras".

É ben coñecida a masiva resposta de rexeitamento que ese profesorado deu a ese intolerábel e indigno intento da Consellaría de convertelo en "rebenta-dereitos" doutros traballadores e traballadoras.

Agora a Consellaría manexa desde hai algúns meses un borrador de orde pola que se pensa autorizar as ensinanzas non regradas de cursos preparatorios para os CELGA en centros públicos

específicos de educación e promoción de adultos e nos institutos de secundaria con ensinanzas para adultos. Nese borrador sinálase que o Departamento de Lingua Galega deses centros deberá asumir a impartición deses cursos preparatorios, que, por outra parte, non darán dereito a ningún tipo de certificación.

Perante esta situación, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra quere manifestar:**

a. Que a Consellaría debe acatar dunha vez por todas a resolución das Inspeccións de Traballo e proceder a respectar os dereitos laborais das persoas que viñan prestando os seus servizos como docentes dos cursos CELGA.

b. Que a Consellaría debe volver a convocar (“readmitir”) a todo ese persoal do que prescindiu (“despedido”) - e a outro a maiores que puidese ser necesario - para seguir ofertando os cursos preparatorios dos CELGA nunhas condicións laborais dignas, negociadas co colectivo e avaladas por Inspección de Traballo.

c. Que a Consellaría debe deixar de procurar subterfuxios, pseudoalternativas e solucións en falso como a contemplada no citado borrador de Orde para garantir ese tipo de ensino non regrado, que tan importante papel desempeña na capacitación idiomática na lingua propia da cidadanía galega.

Proposta de resolución nº 7 STEG

**ESIXINDO DA CONSELLARÍA ACLARACIÓNS POR ESCRITO SOBRE FUNCIÓNS, DEREITOS E OBRIGAS DOS/DAS TITORES/AS COORDINADORES/AS DE CICLO NA EDUCACIÓN PRIMARIA NO PRESENTE CURSO 2014/15**

Coa entrada en vigor da LOMCE e coa súa precipitada e, en moitos sentidos, verdadeiramente trapalleira posta en marcha no presente curso 2014-2015 na Galiza, suscítase un serio problema coas coordinacións de ciclo na Educación Primaria, por canto os/as titores/as dos cursos 1º, 3º e 5º deben responder á nova realidade legislativa da LOMCE, entanto os de 2º, 4º, 6º, a efectos prácticos, continúan sometidos ao rexime contemplado na LOE.

Esta coincidencia nun mesmo centro e nun mesmo ano académico de lexislacións distintas aplicábeis a distintos cursos e titores/as provoca, inevitabelmente, unha situación de confusión, desconcerto e dúbidas a respecto das funcións, dereitos e obrigas dun tipo e doutro de profesores titores, situación que xa provocou unha avalancha de consultas nos primeiros días de actividade lectiva, cando se organizou a vida dos centros, e un variado catálogo correlativo de contestacións, diversas e ata contraditorias entre si, por parte de diferentes inspectores de zona. O certo é, en definitiva, que aínda a día de hoxe a Consellaría non resolveu mediante a correspondente circular aclaratoria por escrito esa situación de confusión.

Por todo iso, en beneficio das máximas garantías laborais, procedimentais e xurídico-administrativas para todo o profesorado que desempeña a función de titoría na Educación Primaria durante o presente curso 2014-15, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

SOLICITA da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Cultura,

Educación e O.U. a inmediata confección e envío a todos os centros e a todos os servizos de inspección dunha circular en que fiquen perfectamente delimitadas e consignadas as funcións, dereitos e obrigas dos profesores/as titores/as coordinadores/as do 1º, 3º e 5º curso de Educación Primaria e as funcións, dereitos e obrigas dos profesores/as titores/as coordinadores/as do 2º, 4º e 6º curso de Educación Primaria.

Proposta de resolución nº 8 STEG.

### **ESIXINDO QUE A CONSELLERÍA LEVE A CABO DE INMEDIATO UNHA AVALIACIÓN DE RESULTADOS DO CHAMADO “DECRETO DE PLURILINGÜISMO”**

A pesar da oposición amosada pola inmensa maioría da comunidade educativa, con mobilizacións históricas nas rúas, e a pesar tamén da sentenza do TSXG que anulou aspectos basilares do decreto 79/2010, a Consellería de Cultura, Educación e O.U. teimou en manter a súa aplicación.

Hoxe, despois de catro anos de aplicación do Decreto 79/2010, resulta xa unha evidencia dificilmente discutíbel que o mesmo non garante a competencia en lingua galega do alumnado ao rematar o ensino obrigatorio, exclúe o galego das áreas científico-técnicas e relégao a unha presenza marxinal na etapa infantil e na Formación Profesional, nomeadamente en ámbitos urbanos.

A Consellería non está a cumprir ademais o único mandato positivo que recolle o devandito texto normativo: a obriga de realizar avaliación periódica das competencias do alumnado. Non é raro que non o faga, pois con toda seguridade os resultados mostrarían que a maioría dos e das escolares de zonas urbanas e periurbanas están lonxe de acadar o mesmo nivel de dominio en lingua galega ca o que teñen en lingua castelá.

Por todo isto, **o Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra**

ESIXE da Consellería o cumprimento efectivo do establecido nas *Disposicións adicionais Segunda*<sup>1</sup> e *Quinta*<sup>2</sup> do Decreto 79/2010, para que, unha vez recabados os datos e comprobada a ineficiencia do Decreto para garantir que ao finalizar a escolarización obrigatoria todo o alumnado sexa igual de competente nas dúas linguas oficiais da comunidade, proceda a derogalo e a abrir de inmediato un proceso de diálogo franco con todos os sectores da comunidade educativa para a elaboración dun novo marco normativo que conduza a garantir esa competencia e que restitúa, a nivel práctico e simbólico, un estatus favorábel para o galego como lingua propia e vehicular no sistema educativo galego.

Proposta de resolución nº 9 STEG.

### **REXEITANDO O BORRADOR DO DECRETO DE ESPECIALIDADES NO ENSINO SECUNDARIO PRESENTADO POLO MINISTRO WERT**

1 *Avaliación da capacitación nas linguas oficiais.* A consellería competente en materia de educación establecerá un procedemento de avaliación do nivel de competencia nas dúas linguas oficiais en educación primaria e en educación secundaria obrigatoria, como garantía da consecución progresiva da competencia en igualdade en ambas as linguas.

2 *Avaliación dos resultados.* Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.

En datas recentes, o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte puxo sobre a mesa un borrador de Real Decreto no que se establecen as especialidades dos corpos docentes do Ensino Secundario e as condicións que se esixirán para impartir as diferentes materias.

Resulta evidente a vontade de degradación e desregulación das condicións profesionais e laborais do profesorado que preside todo o contido do amentado borrador, para poder asignarlle a impartición de materias sen ter en conta nin a súa especialidade nin a súa formación. Diríase que no transfondo do borrador late a idea ideal, pedagóxica e laboralmente inaceptábel, de que "calquera profesor/a, con independencia da súa formación e especialidade, debe poder impartir calquera materia".

En realidade, trátase dunha desregularización das especialidades docentes que ten como intención final a de compactar os planteis e desbotar flecos horarios, o que vai conlevar a perda de numerosos postos de traballo entre o colectivo interino, o deterioro das condicións xerais de traballo do colectivo con praza definitiva e graves perxuízos non só para a calidade educativa, mais tamén para a igualdade, xa que o decreto, de se aplicar, dificultará gravemente a atención á diversidade.

Por se isto non abundase, o borrador do decreto introduce outro elemento que atenta contra os principios de mérito, capacidade e igualdade á hora de acceder á docencia, como é a introdución, na disposición adicional novena, da posibilidade de contratación de expertos en linguas estranxeiras con criterios ben pouco transparentes para a súa selección.

De se aplicar o contido do borrador de decreto, produciranse sen dúbida situacións aberrantes, pois para cada curso escolar e atendendo "necesidades do centro", poderánselle asignar a un especialista materias de calquera outra índole baixo criterios que non aparecen especificados (art. 3.4 do borrador).

Por todo isto, o **Pleno da Xunta de Persoal Docente Non Universitario de Pontevedra** esixe a retirada inmediata dese borrador de decreto de especialidades.

## **PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN PRESENTADAS POR CIG**

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Nº 1 - CIG-Ensino**

O pasado 8 de novembro varias familias abandonaron os seus concellos de residencia e levaron canda si os seus fillos, 88 nenos e nenas que deixaron os seus colexios dos concellos de O Porriño e Tui. Este feito produciuse por mor dun enfrontamento entre persoas que practican a venda ambulante, sendo os seus fillos e fillas vítimas involuntarias e non desexadas destes feitos que non lle corresponde valorar a esta Xunta de persoal.

Mais esta Xunta de persoal quere recoller a preocupación dos docentes destes nenos e nenas que no seu día fixeron pública esa preocupación e solicitaron e citamos: "a rápida e efectiva actuación de todas as administracións implicadas para que aseguren o dereito á educación de todo o alumnado implicado."

Esta Xunta de persoal quere sumarse á preocupación dos docentes e, por iso, pregunta ao Xefe Territorial que medidas se adoptaron desde o pasado 8 de novembro para garantir os dereitos deste alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

A día de hoxe este alumnado que regresara nos inicios de decembro ás aulas, volve a non asistir aos centros. O seus pais argumentan que non o fan por medo.

Esta Xunta de persoal considera que desde a Consellaría de Educación se deberían realizar as



actuacións pertinentes para que se poida garantir o dereito á escolarización destas nenas e nenos, medidas que, é evidente, non se poden reducir á apertura de expedientes de absentismo escolar, pois non estamos ante ese caso. Se for necesario a Consellaría deberá recadar a colaboración doutras administracións.

Finalmente, esta Xunta de Persoal esixe que se elabore un plan para a atención deste alumnado no momento en que se incorpore ás aulas con normalidade, un plan que non pode descansar no seguimento que necesariamente teñen que facer os seus titores e centros, pois a dimensión do feito desborda o traballo que a nivel de titoría se poida realizar, máxime cando a propia Consellaría, durante estes anos, o que fixo foi precisamente reducir o número de orientadores e de persoal de PT e AL. Esta situación requiriría do externo ao centro, desde o equipo específico de orientación. De feito esta situación pon en evidencia a necesidade de contar con máis equipos específicos de orientación, mesmo comarcalizados, que poidan facer fronte a situacións coma esta.

**Desde a Xunta de Persoal reclamamos que se realice un plan específico de atención a esta problemática e que non se sobrecargue o traballo de titores e centros que, nestas circunstancias, o que precisan é apoio para procurar a superación do seu alumnado deste desfase que pode repercutir no seu éxito escolar.**

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Nº 2 - CIG-Ensino**

Este curso iniciouse sen que a Xefatura Territorial atendese as peticións de profesorado dos centros, tanto as que se derivaban de necesidades existentes para este curso escolar, como das relacionadas coa cobertura de profesorado recollido nos catálogos vixentes.

Esta Xunta de Persoal condena a actitude antidialogante da Xefatura territorial e o abandono dos centros ao impedir que conten co profesorado que marca a lei e/ou é necesario para a realización das diferentes tarefas docentes, a mellora da calidade do ensino e a redución do fracaso escolar.

Esta Xunta de Persoal esixe que se cubran as necesidades reclamadas polos centros:

1. Cobertura do profesorado que marcan os catálogos de persoal vixentes, así no CPI Suárez Marquier do Rosal; CEIP Feliciano Barrera en Pontearreas; CEIP de Barrantes en Tomiño; CEIP de Abelendo e a Escola de Educación infantil de Berducedo en Moaña.
2. Cobertura do profesorado necesario para a atención ás necesidades educativas específicas: incremento do profesorado de AL no concello de Tui e cobertura do profesorado de PT e/ou AL en CEIP Pintor Antonio Fernández e CRA Mestre Manuel García de Tomiño, CEIP A Lomba e CEIP A Escardia de Vilagarcía, CEE Príncipe Felipe e CEIP San Martiño en Pontevedra.
3. Atención das demandas de profesorado realizada por diversos centros: CEIP de Sobrada, en Tomiño, IES Alexandre Bóveda, IES de Valadares, IES R. Oriental de Uruguai, IES Álvaro Cunqueiro, en Vigo, IES de Mos e CEIP Sárdoma-Moledo en Vigo e CEIP Marcos da Portela en Pontevedra), entre eles o caso de varios centros que reclaman profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para atender o alumnado con necesidades educativas especiais (os sete colexios de Tui, CRA de Tomiño, CEIP Pintor Antonio Fdez de Tomiño).

4. Dotación de recursos e espazos necesarios para a implantación da FP Básica no IES 1º de Marzo de Baiona. Realización das obras necesarias no CEIP Antonio Magariños e creación das unidades que poidan acoller a demanda de formación das persoas adultas que a día de hoxe son máis de cen en listaxe de agarda no Salnés no IES Cotarelo Valledor.

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Nº 3 - CIG-Ensino**

A Xunta de Persoal Docente de Pontevedra condena o uso fraudulento da Portal Web por parte da Consellaría de Educación e a Xefatura Territorial de Pontevedra. Rexeitamos que se utilice un portal web institucional para censurar, amedrentar e insultar o profesorado, unha actitude reiterada por parte de Educación neste inicio de curso en que de maneira escandalosa utilizou a web institucional contra o profesorado e os centros que de maneira consecvente reclamaron os seus dereitos e a atención de Educación ás súas lexítimas demandas.

**A Xunta de Persoal Docente de Pontevedra esixe unha rectificación pública e un comunicado de desculpa aos centros e ao profesorado afectados.**

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Nº 4 – CIG-Ensino**

A Confederación Intersindical Galega presentou para que se debata no parlamento galego unha ILP sobre a restitución dos dereitos laborais, profesionais e retributivos e pola mellora da calidade do ensino.

Esta ILP quere trasladar ao Parlamento a voz do profesorado e está centrada en restituír os dereitos laborais, salariais e profesionais arrebatados durante estes anos.

A ILP inclúe cinco títulos e 19 artigos ademais de dúas disposicións derogatorias de normas lesivas para o ensino público e para os dereitos do profesorado. Os eixos fundamentais que recolle a ILP son os seguintes:

Elaboración por parte do Goberno galego dunha Lei de Educación, en función das nosas necesidades e intereses e de acordo coa nosa realidade; que garanta a escolarización gratuíta de 0 a 18 anos e que blinde o ensino como un elemento de cohesión fundamental. Derrogación da LOMCE, procura dun ensino laico e eliminación dos concertos educativos, nomeadamente os que segregan alumnado por razón de xénero.

Restitución dos dereitos laborais e profesionais do profesorado, a través do recoñecemento do seu traballo. Recuperación dos salarios e pagas extras completas, creación de emprego – suprimindo a taxa de reposición- redución do horario lectivo, dereito á formación permanente e á xubilación anticipada, e un sistema de eleccións sindicais por centro escolar.

A defensa do ensino público como garante da igualdade de oportunidades, con medidas concretas que supoñan a mellora da calidade como a redución das rateos, dotación aos centros de profesorado suficiente, un plan para reducir o fracaso escolar, substitución das baixas de profesorado ou gratuidade dos libros de texto, entre outras.

A recuperación dos servizos complementarios e as actividades extraescolares: dereito ao comedor escolar, oferta de actividades extraescolares e unha nova lei do transporte escolar para garantir este dereito en todos os niveis educativos, con dotación de persoal para custodiar o alumnado.

Galeguización do ensino e normalización lingüística a través do fomento da lingua galega e

galeguización dos contidos educativos, un plan de formación e medidas para garantir a competencia do profesorado na nosa lingua. Isto implica necesariamente a derogación do Decreto do Plurilingüismo.

Un plan orzamentario co obxecto de dedicar o 7% do PIB galego á educación.

**A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra resolve apoiar a presentación no Parlamento Galego da Iniciativa legislativa popular sobre a restitución dos dereitos laborais, profesionais e retributivos e pola mellora da calidade do ensino.**

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN N° 5 – CIG-Ensino**

O ministro de educación José Ignacio Wert pretende aprobar un decreto de especialidades de costas á opinión do profesorado, amosando, máis unha vez, unha total desconsideración e desprezo polo noso traballo. Este decreto de especialidades:

1. Supón unha reconversión das máis graves sufridas até agora polo profesorado. Ataca a nosa dignidade, obriga a exercer docencia en materias diferentes das que se é especialista e vai comportar despedimentos, mobilidade funcional e precariedade laboral.
2. Procura reducir os cadros de persoal dos centros, diminuír a calidade do ensino, crear profesorado polivalente sen ter en conta as especialidades, flexibilizar e desregular as especialidades do profesorado, crear profesorado de nivel e non de especialidade e obrigar a impartir docencia nun corpo diferente ao que se pertence.
3. Trátase dun proxecto que responde ao desenvolvemento da LOMCE, baseado en postulados exclusivamente mercantilistas de rendibilidade económica e non educativa, que enmascara precariedade laboral, despedimentos, reducións de cadros de persoal e empeoramento da calidade do ensino.

**Por todo isto, a Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra demanda que o borrador sexa retirado e se inicie unha negociación, previo debate co profesorado, que estableza os fundamentos e criterios para fixar as especialidades do profesorado, que observe o principio de especialidade, formación e coñecemento e evite a impartición de materias das cales non se é especialista.**

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN N° 6 – CIG-Ensino**

Nun escrito datado o 18 de novembro a Xefatura Territorial solicitáballe ao presidente do Consello Escolar Municipal de Vigo que valorase a proposta e informe dunha nova adscrición de centros no concello. O obxectivo da nova adscrición é resolver o problema de masificación do IES Álvaro Cunqueiro. Esta nova adscrición afecta os centros das zonas de Coia e As Travesas.

**A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra demándalle á Xefatura Territorial que consulte as direccións de todos os centros de Educación Infantil e Primaria e de todos os Institutos de Educación Secundaria da zona e que estude co interese que merecen as súas propostas antes de decidir sobre a nova adscrición.**

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN N° 7 – CIG-Ensino**

CIG-Ensino sabe, polas queixas transmitidas polo profesorado de varios centros, do tratamento da inspección educativa respecto das programacións educativas: vixilancia exhaustiva e excesiva, exceso de celo, ordes contraditorias.

O profesorado manifestou en distintas ocasión o seu cansazo ao ter que refacer e corrixir unha e outra vez as programacións en base aos “criterios” recibidos de parte da inspección que varía e mesmo se contradín en versións sucesivas. Esta esixencia está a impedirilles adicar o tempo necesario a outras funcións como preparación de clases, actividades educativas, programacións de aula...

Así mesmo debemos lembrar que pasamos por unha etapa de transición a unha nova lei educativa, na que a improvisación está a caracterizar a actuación da administración educativa e na que, lembremos, o curriculum de primaria foi publicado o día anterior ao comezo das aulas.

**A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra quere manifestar a súa protesta por esta actitude da inspección educativa e esixe que cese este celo excesivo polas programacións didácticas. Esiximos tamén as instrucións sobre a elaboración das programacións sexan claras e unificadas e se distribúan antes do principio de curso.**

## **PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN PRESENTADAS POR CC.OO.**

### **1. DECRETO DE ESPECIALIDADES**

A Xunta de Persoal Docente de Pontevedra RESOLVE:

Rexeitar o borrador de Real Decreto de Especialidades de Secundaria, levado á Mesa Sectorial do Estado, porque promove a posibilidade de que o profesorado imparta materias das que non é especialista, elevando a común cuestións que non deberan pasar do conxuntural e anecdótico.

O borrador introduce elementos desreguladores da profesión docente e prexudiciais para o ensino, ao non ofrecer garantías para as especialidades, xa que afirma que en caso de necesidade dos centros, poderanse asignar outras materias diferentes das citadas polo RD ao persoal funcionario que posúa a cualificación académica ou a experiencia docente necesaria, sen establecer criterios sobre como facelo.

Esta xunta de Persoal manifesta que, unha vez mais, a LOMCE e o seu desenvolvemento seguen amosándose como as normas que promoven e fan crónicos os recortes. Neste caso, o impacto sobre o emprego será relevante e suporá un proceso de reconversión no sector

### **2. EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO.**

A implantación da LOMCE implica a publicación dos RD polos que se debe establecer o currículo básico da Educación Secundaria e o Bacharelato.

Coa implantación dos cursos impares destas etapas coidamos que se provoca así un conflito canto á continuidade da oferta existente, que afecta ao alumnado e profesorado e que pode supor a perda irreparable dunha parte fundamental da oferta educativa.

A este escenario engadiríase a carencia dun marco de financiamento asegurado para a súa implantación, así como a necesidade de negociar, con carácter previo, as posibles modificacións das condicións de traballo dos docentes que impartirán esta etapa.

Diante da pasividade da administración a Xunta de Persoal Docente de Pontevedra RESOLVE esixir á administración o adiamento da implantación destas ensinanzas e a apertura de negociacións reais para a regulación de todos os aspectos relacionados con estas ensinanzas (alumnado, cadros de persoal, oferta educativa, orzamento...).

### **3. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA.**

A implantación chapuceira do Goberno da Xunta este curso da FP básica implica entre outros non menos importantes, os seguintes problemas:

- Falta do equipamento e espazos nos centros onde se implantan estas ensinanzas
- Implantación de FP Básica en centros onde os informes da propia inspección educativa son contrarios a elo.
- Aumento do número de alumnos de estas ensinanzas que para este curso multiplican por 1,5 de media por grupo (respecto aos PCPI's aos que substitúen), pero para o vindeiro curso se multiplican case por 3.
- Falta de previsión para incorporar a este alumnado nos espazos do centro, xa que como moito, os centros contan cos espazos e equipamentos dos PCPI's.
- Falta de previsión para a dotación económica destas ensinanzas.

Na provincia de Pontevedra son varios os centros onde a falta de espazos e equipamento fai moi difícil o labor do profesorado cun alumnado que ademais precisa dunha atención extraordinaria por proceder da ESO nas condicións mais desfavorables, tendo que traballar en condicións que non valen para impartir clases normais ou en talleres masificados có conseguinte perigo de accidentes.

A día de hoxe non se garante a realización das obras precisas para solucionar este problema nin que ditas obras podan estar rematadas antes do inicio do vindeiro curso.

A situación se cabe se vai complicar moito mais o vindeiro curso coa incorporación dun novo grupo de 20 alumnos ademais do actual o que duplica o número de alumnado destas ensinanzas e polo tanto o risco.

Por todo elo:

**A Xunta de Persoal docente da provincia de Pontevedra ESIXE:**

**A paralización da impartición de ciclos de formación profesional básica ata que se resolvan os problemas causados pola improvisada implantación da mesma:**

- **Que os centros contan coas instalacións, persoal e equipamentos axeitados para garantir a seguridade do alumando e profesorado destas ensinanzas.**

- **A negociación das condicións de traballo do profesorado que imparte na FP básica (titorías, procedemento de faltas de asistencia do alumnado, vixilancia do alumnado, horario,..).**
- **A coordinación entre os centros que comparten grupos de FP básica (coordinación de horarios, transporte escolar, desprazamento entre centros, uso de XADE,...).**

#### **4. CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL:**

Despois de varios anos da transformación de IES en Centros Integrados de FP, podemos observar que desde a Administración se utilizan estes centros para aumentar as tarefas que a lexislación lles impón pero aplicando as condicións de traballo máis desfavorables como poden ser: a realización de sesión de 60 minutos; falta de profesorado para realizar todas as actividades e non soamente a formación regrada, discrecionalidade á hora de aplicar reducións horarias por parte da dirección do centro, uso do sistema de calidade como ferramenta de control ao profesorado ou organización e realización de probas extraordinarias para a obtención dos títulos durante a xornada lectiva normal.

A lexislación de referencia destes centros, indica que no horario do profesorado figurarán as accións formativas e as outras accións que o centro debe realizar. Na realidade soamente se contemplan as horas de clase dos ciclos formativos e as reducións que corresponden por cargos, non aparecendo outras actividades de obrigado cumprimento nestes centros como poden ser a xestión de compras, o mantemento, o seguimento do sistema de calidade, a xestión de puntos limpos, a participación no consello escolar, a pertenza á comisión de seguridade e saúde, a pertenza a departamentos non didácticos, os grupos de traballo para a realización dos documentos propios do CFP, a elaboración de probas libres e outras probas, etc.

Por outro lado, as reducións horarias aplicadas son de total discrecionalidade da dirección o que provoca enormes agravios entre o profesorado. Por todo elo:

#### **A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra ESIXE:**

**A negociación urxente de accións MÍNIMAS a considerar como equivalentes no horario lectivo, así como a duración MÍNIMA de cada unha delas en función das súas características, nos Centros Integrados de Formación Profesional en Galicia.**

#### **5. ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES**

A sentenza do Tribunal Supremo, anulando os artigos 7.1, 8, 11, 12 e a disposición adicional sétima do Real Decreto 1614/2009 polo que se establece a ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores, anulou a denominación de grao universitario a eses títulos e establece que os centros de ensinanzas artísticas superiores non poden ofertar ensinanzas de grao. O curso pasado rematou estudos a primeira promoción que iniciou estudos de grao cunha titulación que non se corresponde coa que iniciaron estudos.

Nunha actitude que nos parece incomprensíbel e contraproducente para os intereses do ensino galego, do profesorado que traballa neses EEAASS e do alumnado matriculado neses centros, a Consellería ten pechadas todas as canles de diálogo sobre o tema en cuestión. Desta maneira, persiste unha grave situación de inseguridade xurídica que é causa de prexuízos para o

alumnado que cursa esa caste de estudos neses centros.

**En consecuencia, a Xunta de Persoal Docente non Universitaria da provincia de Pontevedra**

**RESOLVE:**

**Reclamar a Administración que adopte as medidas necesarias para garantir que os estudos artísticos conduzan a unha titulación de Grao igual a todos os efectos ao universitario, resolvendo o problema no que se atopan nestes momentos estes alumn\*s.**

**Reclamar que se inicien as modificacións lexislativas necesarias, tendo en conta os intereses de todos os sectores afectados, para que estas ensinanzas se introduzan definitivamente con todos os dereitos no Espazo Europeo de Educación Superior preservando, en todo caso, a súa singularidade e protexendo os dereitos do profesorado que nestes momentos esta a impartir docencia nestas ensinanzas.**

**Demandar a negociación de todos estes aspectos dentro do ámbito da Mesa Sectorial.**

## **6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A Xunta de Persoal Docente de Pontevedra RESOLVE:

Esixir á Administración a dotación de prazas de PT e AL en todos os centros públicos atendendo ás necesidades reais dos centros e non a criterios economicistas tal e como esta a facer neste momento a Consellaría

## **7. COBRO DO VERAN DO PROFESORADO SUBSTITUTO**

A Xunta de Persoal Docente de Pontevedra RESOLVE:

Esixir á administración que faga efectivo o artigo 18 do Acordo de Interinos polo que se regula o cobramento dos meses de verán polo profesorado substituto con contrato de máis de cinco meses e medio. Medida esta retirada de xeito unilateral pola administración e que tiña un prazo de vixencia de dous anos.

## **8. RECUPERACIÓN PAGAS EXTRAS**

A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra:

**RESOLVE:**

Esixir á Consellaría de Cultura, Educación e OU que abone a cantidade retributiva correspondente á paga extra de decembro de 2012, así como as cantidades correspondentes ás pagas extraordinarias dos exercicios 2013 e 2014.

Esta XPD-Pontevedra advírtelle á Consellaría que se non procede ao pagamento destas cantidades, esta a obrigar aos empregados públicos que acudan á vía xudicial para reclamar os dereitos que lles corresponden co conseguinte custo económico para a administración, o que amosa unha irresponsable xestión do diñeiro público.

## 9. SAÚDE LABORAL

De todos é sabido que a protección da saúde do persoal da Consellería non é un tema que preocupe, sen embargo, cada día mais compañeiras e compañeiros sufren danos na súa saúde sen que se tomen as medidas mínimas axeitadas para evitalos.

Desde fai mais de catro anos, non hai reunións do comité de seguridade e saúde provincial e desde fai mais de cinco non as hai do comité interprovincial o que redonda nunha total falta de control da saúde do persoal incumprindo flagrantemente a Lei de Prevención de riscos laborais.

Na actualidade, o servizo de prevención da Consellería está formado por dúas persoas que non son quen de levar a diante a inxente tarefa que deben realizar e, por outra banda, as accións que se realizan neste senso, son encargadas a mutuas que á súa vez non informan a ninguén das visitas que realizan nin dos resultados das mesmas.

O noso labor sindical amosa diariamente que unha grande cantidade de compañeiras e compañeiros acoden a nós con peticións de adaptación de postos de traballo ás súas condicións psicofísicas, o cal coas condicións do servizo de prevención, resulta moi difícil.

POR TODO ELO:

### **A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra ESIXE:**

**A inmediata realización dun protocolo de actuación que, no prazo máximo dun mes desde a comunicación do centro ou desde os delegados e delegadas de prevención permita a realización dunha avaliación do posto de traballo e a adaptación das medidas oportunas para eliminar ou, se non é posible, minimizar os danos á saúde do traballador ou traballadora afectados.**

**A inmediata reunión do comité interprovincial de seguridade e saúde a dos comités provinciais a fin de establecer os plans e programas de prevención de riscos fixados pola Lei de Prevención de Riscos Laborais.**

# STEG



## **INFORME SOBRE A DINÁMICA E O RESULTADO DOS DEBATES DAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN NO PLENO DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CELEBRADO O 10 DE DECEMBRO DE 2014.**

O Pleno celebrouse na aula 3 da planta baixa do Edificio Administrativo de Campolongo, en Pontevedra, o mércores 10 de decembro de 2014, entre as 10 e as 12.30 horas, aprox. Acudiron 18 delegados/as de CIG, 2 de ANPE, 5 de CCOO, 5 de FETE-UXT e 3 de STEG. Aprobáronse primeiramente a orde do día e a acta da sesión anterior. Logo pasouse ao debate das propostas de resolución.

Das 9 propostas que presentamos como STEG, **saíron adiante todas agás unha (a 9ª), que retiramos en favor dun texto de transacción con outras OO.SS.** Desas oito nosas aprobadas, **6 foron por unanimidade ou case unanimidade** (1 abstención), mentres que **dúas saíron adiante** con 18 abstencións da CIG nun caso e con 20 abstencións (CIG e ANPE) noutro.

Detalladamente: A nosa proposta nº 1, sobre rexeitamento do uso propagandístico e partidista do web institucional da Consellería, saíu por UNANIMIDADE, despois de a transaccionar coa CIG. A nosa proposta nº 2, sobre actitude da Consellería de non cubrir cupos e catálogos, tamén transaccionada coa CIG, saíu sen ningún voto en contra, mais con unha abstención. A proposta nº 3 de STEG, sobre concertos segregacionistas, saíu aprobada por maioría: 15 votos a favor (STEG, CCOO, UXT e ANPE) e 18 abstencións (CIG). A proposta nº 4 de STEG, sobre desmantelamento paulatino da Rede de Orientación, aprobouse POR UNANIMIDADE, aínda que houbo que facer algunhas concesións transaccionais a CCOO e á CIG. A proposta nº 5 de STEG, urxindo obras en centros, foi aprobada por UNANIMIDADE. A proposta nº 6, sobre proxecto da Consellería de ofertar formación CELGA en EPAPUs e centros de secundaria, foi aprobada por maioría, con 15 votos a favor (STEG, CCOO, UXT e ANPE) e 17 abstencións (CIG). A nosa proposta nº 7, sobre problemática coordinacións de ciclo, foi aprobada por UNANIMIDADE. A proposta nº 8 de STEG, esixindo avaliación de resultados do decreto de plurilingüismo, saíu aprobada con 13 votos a favor (STEG, CCOO e UXT) e 20 abstencións (CIG e ANPE). A nosa proposta nº 9, pedindo retirada do borrador de decreto de especialidades, retirámola en favor dunha proposta transaccionada que se baseaba no texto de CC.OO., cunha engádegas da CIG, que saíu por UNANIMIDADE.

Polo demais, as propostas números 1, 6 e 7 da CIG foron aprobadas POR UNANIMIDADE. A nº 2 e a nº 3 transaccionounas coas nosas respectivas e a nº 5 con CCOO, á que nos sumamos tamén nós. Na proposta súa nº 4, que pedía apoio do Pleno para a ILP presentada por CIG no Parlamento, votamos así: 18 a favor (CIG) e o resto, 13 nese momento da votación, foron abstencións (STEG, CCOO, UXT e ANPE). Canto ás propostas presentadas por CCOO, aprobáronse todas por Unanimidade, aínda que practicamente en todos os casos con engádegas, matices, etc. transaccionadas unhas veces connosco e outras con CIG.

Debe salientarse o detalle de que nin ANPE nin UXT presentaron propostas.